

**PERSOAL LABORAL DA CATEGORÍA PROFESIONAL 104 DO GRUPO III, INTERPRETE DE LINGUAXE DE SIGNOS, DO V CONVENIO COLECTIVO ÚNICO PARA O PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA.**

**PARTE COMÚN**

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I artigo 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.
2. O Estatuto de autonomía de Galicia: título I, título II e título III da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV capítulo I e capítulo IV e o título V.
4. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, título VI capítulos III e IV e título VIII.
5. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.
6. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e título I.
7. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: título I.

**PARTE ESPECÍFICA**

- 1.- Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.
- 2.- Ratificación da Convención Internacional de Dereitos das Persoas con Discapacidade. Real decreto 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- 3.- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (Galicia) e outra lexislación en materia de discapacidade e accesibilidade universal.
- 4.- A accesibilidade universal e o DUA na lexislación educativa nacional e autonómica vixente.
- 5.- Organización e funcionamento dos centros educativos. NOFC e outros documentos programáticos. Xestión do persoal non docente adscrito aos centros educativos.

6.- O papel da persoa técnica en interpretación de Lingua de Signos no centro educativo. Coordinación e apoio co equipo directivo, o departamento de orientación, a titoría e o claustro.

7.- A persoa técnica en interpretación de Lingua de Signos nos servizos educativos complementarios. Coordinación profesional e colaboración entre diferentes perfís (educadores/as, enfermaría, persoal de comedor, ATEs, etc).

8.- O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: concepto e tipoloxía. Principios de normalización, inclusión e equidade. Concepto e marco normativo da atención á diversidade.

9.- O alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade auditiva. Concepto, tipoloxía e inclusión.

10.- O alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a xordocegueira. Concepto, tipoloxía e inclusión.

11.- O alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade auditiva ou xordocegueira e outras necesidades complexas de comunicación (Parálise cerebral, TEA, etc.). Inclusión e apoio efectivo á comunicación.

12.- Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación e comunicación aumentativa.

13.- A familia do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade auditiva. Relacións entre familia e escola.

14.- A contorna socio-educativa do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade auditiva. Fornecemento de redes e comunidades de aprendizaxe para a convivencia, a inclusión e a equidade.

15.- Axustes razoables e produtos de apoio para a eliminación de barreiras de comunicación en alumnado con discapacidade auditiva ou xordocegueira con ou sen outras necesidades específicas de apoio educativo asociadas.

16.- A interpretación en lingua de signos nos xogos e actividades extraescolares e complementarias así como en actividades lúdicas e de lecer.

17.- As técnicas de interpretación e a mediación comunicativa nas diferentes etapas educativas para favorecer o desenvolvemento da competencia comunicativa en lingua de signos.

18.- O apoio á comprensión e redacción de textos escritos desde a interpretación en lingua de signos.

19.- Teoría e metodoloxía da interpretación. Expresión corporal. Metodoloxía e adaptación a diferentes contextos e situacións.

20.- Técnicas de guía para persoas xordocegas.

21. - Lingüística aplicada ás linguas de signos.

22.- Interpretación de lingua de signos en contornos multilingües: a lingua de signos e o galego, a lingua de signos internacional, a transcripción da lingua de signos.

23.- A interpretación no sistema educativo. Terminoloxía científica e específica dos ámbitos, materias ou módulos. Recursos para resolver problemas terminolóxicos: dactiloloxía, paráfrasis, comparación, perífrasis, neoloxismos.

24.- As linguas de signos e as tecnoloxías de información e da comunicación.